

1

RAMÓN OTERO PEDRAYO: COÑECEMOS AO AUTOR

Ramón Otero Pedrayo naceu en Ourense no ano 1888. Foi un home moi sabio: escritor, profesor, xeógrafo, político e defensor da lingua e da cultura galegas.


Viviou na casa familiar de Trasalba coa súa nai, Eladia, e o seu pai, Enrique, que era médico. Era unha casa grande, rodeada de natureza, nun lugar moi silencioso e tranquilo. Aí escribiu moitos libros sobre Galicia: sobre os camiños, a xente, as tradicións...

Estudou en Ourense, en Santiago de Compostela e en Madrid, e casou en Santander con Josefina Bustamante. Como podedes ver, Ramón viaxou moito! Non tiveron fillos.

Gustábanlle a xeografía e a historia, por eso se fixo profesor de instituto e, despois, da Universidade. Só deixou de ensinar cando en España tivo lugar a Guerra Civil, o que fixo que non puidese seguir sendo profesor nin escribir en galego.

Pertenceu ao grupo literario chamado “Grupo Nós” ou “Xeración Nós”, que quería facer que a lingua e a cultura galegas foran respectadas e coñecidas. Nese grupo de escritores estaban tamén Daniel Alfonso Rodríguez Castelao ou Vicente Risco, que foron dos seus mellores amigos.

Morreu no ano 1976 e hoxe é recordado como un dos grandes escritores e defensores da nosa cultura.




Debuxa un cómic de 6 viñetas coa vida de Ramón Otero Pedrayo agora que coñeces un pouco a súa historia. Podes debuxar como imaxinas a casa de Trasalba, a Ramón cos seus pais ou cos seus amigos, dando aulas...



FUNDACIÓN
**OTERO
PEDRAYO**

PASAPALABRA



Completa todas as definicións. Todas as palabras que buscamos comezan pola letra que corresponda no abecedario e todas están relacionadas con Ramón Otero Pedrayo. Serás capaz de completalas todas?

- A** Transporte que utilizaba para chegar á súa casa:
- B** Palavra inventada por el que se converteu no nome do seu libro de poesía:
- C** Nome dunha das súas obras máis famosas:
- D** Nome propio dun dos seus grandes amigos: Castelao.
- E** Nome propio da súa nai:
- F** Nome abreviado da súa esposa:
- G** Idioma que defendeu toda a vida:
- H** Unha materia que ensinaba:
- I** Dende neno tivo moita e iso permitiulle inventar grandes historias.
- L** Escribiu moitos
- M** Profesión do pai:
- N** Foi parte da “Xeración ”
- O** Cidade onde naceu:
- P** O seu segundo apelido:
- Q** Alimento feito con leite de vaca ou de ovella que lle gustaba moito cear con pan:
- R** Nome propio do escritor.:
- S** Cidade galega onde foi profesor universitario:
- T** Lugar onde vivía e escribía:
- U** Sendo xa maior, impartiu aulas na .
- V** Nome propio dun dos seus grandes amigos desde a infancia: Risco.
- X** Unha materia que ensinaba:
- Z** Zapatos que utilizaban para ir ao campo e non mollar os pés:

**SE HAI ALGUNHA DEFINICIÓN QUE NON SEXAS QUEN DE ADIVIÑAR,
PODES INVENTAR UNHA NOVA QUE NON APARECESE NAS ANTERIORES.**



VERDADEIRO OU FALSO?

Marca cun **V** se é verdadeiro ou cun **F** se é falso o que se di a continuación sobre Ramón Otero Pedrayo:

1. Otero Pedrayo naceu en Ourense:
2. Foi membro do “Grupo Eles”:
3. Escribía só en castelán:
4. Vivíu en Trasalba:
5. Defendía a cultura galega:
6. Nunca foi profesor:
7. Foi político:
8. Morreu no ano 2005:
9. Gustáballe a xeografía:
10. Nunca casou:
11. O seu pai foi pianista:
12. Era amigo de Daniel Castelao e Vicente Risco:
13. Tivo dous fillos:
14. Nunca defendeu o galego:
15. Durante a Guerra Civil tivo un posto moi importante no goberno:
16. Durante a Guerra Civil tivo que deixar de escribir en galego:
17. Morreu cando tiña 88 anos:
18. Sempre foi un home moi delgado:
19. Nunca publicou un libro en galego:
20. Levou o pelo longuísimoo ata que morreu:


Inventa agora unha frase verdadeira e outra falsa sobre Ramón Otero Pedrayo.



UN POUCO DE XEOGRAFÍA

Localiza no mapa de Galicia os lugares relacionados coa vida de Ramón Otero Pedrayo.

1. Ourense.
2. Santiago de Compostela.
3. Trasalba.
4. Santo André de Teixido.



> Sabes por que eses sitios están relacionados co escritor?

> Agora clasifica estes lugares na provincia galega que corresponda. Hai dous “intrusos”, podes localizalos?

Puebla de Sanabria

Ribadeo

Xinzo de Limia

Tui

Vigo

Ourense

Betanzos

Mondoñedo

Verín

Ribadavia

Astorga

Noia

Baiona

Carballo

> Sabes por onde pasa o río Miño? Debúxao no primeiro mapa con cor azul.

> Ademais do río Miño, coñeces outros dous ríos galegos?

> E o nome de dous montes?

> Que mar baña Galicia polo norte? E polo oeste?

> Con que provincias ou países limita Galicia?



5

O MUNDO DE OTERO




Completa o crucigrama coas palabras axeitadas.

Pistas horizontais:

1. Nome da aldea onde está a súa casa.
2. Obxecto que utilizaba para atopar os lugares de Galicia.
3. Cidade onde naceu.
4. Grupo literario do que formaba parte.

Pistas verticais:

5. Profesión pola que se fixo famoso.
6. Tipo de libro que conta historias de ficción.
7. Materia que ensinaba no instituto e na Universidade.
8. Nome da lingua que defendeu.



FUNDACIÓN
OTERO
PEDRAYO

SOPA DE LETRAS

Busca os nomes dos libros que escribiu Ramón Otero Pedrayo.

Na sopa de letras aparecen todas as letras xuntas porque non se poden deixar espazos.

• ARREDOR DE SI

• OS CAMIÑOS DA VIDA

• BOCARRIBEIRA

• O SEÑORITO DA REBORAINA

• A HISTORIA DUN NENO

• GUÍA DE GALICIA

• PELERINAXES

• A LAGARADA

• O LIBRO DOS AMIGOS

O	K	L	U	T	E	R	P	L	E	S	A	B	C	Z	Ñ	E	D	V	G
S	J	U	T	G	D	F	S	L	P	I	U	E	A	G	P	O	G	F	U
C	O	T	D	S	L	F	G	D	E	O	C	X	A	M	B	I	E	T	I
A	H	I	S	T	O	R	I	A	D	U	N	N	E	N	O	K	Ñ	L	A
M	S	P	O	P	D	F	O	U	R	E	U	S	E	Z	C	A	U	H	D
I	C	E	F	N	I	U	G	O	T	R	N	V	G	A	A	G	C	O	E
Ñ	R	L	H	O	G	D	R	U	V	C	O	N	O	S	R	A	D	U	G
O	S	E	Ñ	O	R	I	T	O	D	A	R	E	B	O	R	A	I	N	A
S	T	R	C	E	V	A	F	L	X	U	T	C	V	B	I	Ñ	W	E	L
D	O	I	R	L	G	C	I	O	K	N	U	E	A	S	B	N	I	F	I
A	R	N	S	A	L	B	A	L	I	G	B	M	U	I	E	C	F	I	C
V	F	A	R	R	E	D	O	R	D	E	S	I	D	A	I	C	O	E	I
I	X	X	K	L	N	Ñ	U	O	P	A	L	A	G	A	R	A	D	A	A
D	V	E	A	D	F	T	P	E	C	X	M	L	F	G	A	O	R	F	X
A	Z	S	O	L	I	B	R	O	D	O	S	A	M	I	G	O	S	Ñ	Q
U	H	Z	D	E	R	Ñ	M	K	G	U	M	B	V	W	A	S	P	B	V
Ñ	P	H	N	R	F	V	H	U	I	W	C	A	Q	F	L	V	O	U	T


> Escolle unha obra e di de que pensas que trata o libro ou que significa o título.





7

CREA A TÚA PORTADA



Escolle dous títulos da obra de Ramón Otero Pedrayo e debuxa unha portada que che guste para cada un. A portada ten que estar relacionada co título do libro.

- Os camiños da vida.
- Arredor de si.
- O señorito da Reboraina.
- Entre a vendima e a castañeira.
- Bocarribeira. Poemas para ler e queimar.
- O libro dos amigos.



FUNDACIÓN
**OTERO
PEDRAYO**

Le con atención este texto de Otero Pedrayo e responde ás preguntas que se fan a seguir:

O Vicente Risco e o neno empregaban as tardes de inverno en xogos que semellaban novelas: recortaban moitos personaxes de papel, os máis importantes pintados, e con eles na man desenvolvían historias máis ou menos imaxinadas de María Estuardo, as guerras dos Guisas e os hugonotes e outras polo xeito, con argumentos que duraban meses. Había castelos, pazos, xardíns. En Trasalba, na horta, facían castelos de tella, en cotos de terra, que aturaban o inverno.

Ramón Otero Pedrayo, *A historia de un neno*

> Une as palabras da esquerda coas definicións da dereita:

hugonote	parte do tronco ou do talo que queda pegada á raíz despois de cortala
argumento	edificio grande e luxoso que antes servía de residencia a unha familia nobre
coto	asunto do que trata unha obra literaria, un filme...
pazo	aguantar, soportar
aturar	home que antigamente defendía ideas dun señor francés chamado Calvino

> Clasifica as seguintes palabras no lugar da táboa que corresponda:

INVERNO, PAPEL, TRASALBA, XARDÍNS, CASTELOS, HORTA

AGUDAS	GRAVES	ESDRÚXULAS

Podes introducir unha palabra máis en cada recadro sacándoo do texto?

> Clasifica agora estoutras palabras:

TERRA, VICENTE, EMPREGABAN, CON, SEMELLABAN, QUE, HISTORIAS, GUERRAS, XEITO

MONOSÍLABAS	BISÍLABAS	TRISÍLABAS	POLISÍLABAS

Podes introducir unha palabra máis en cada recadro sacándoo do texto?

> E agora proba con estas...

NENO, RECORTABAN, IMPORTANTES, DURABAN, XOGOS, MOITOS, PINTADOS, TRASALBA, MÁIS

SUBSTANTIVOS	ADJECTIVOS	VERBOS	ADVERBIOS

Podes introducir unha palabra máis en cada recadro sacándoo do texto?



XOGANDO COA POESÍA

Velaí tes dous poemas de Ramón Cabanillas, o grande escritor das Irmandades da Fala. Parece que fala de Ramón Otero Pedrayo e da súa nai nestes versos. Intenta completar os espazos en branco coas palabras que aparecen máis abaixo:

Aí, o señor _____
que ben lle está o _____
non hai _____ máis garrido
en todo o chao de _____

A señora _____
vai sendo _____ madura;
debaixo da súa _____
acouchan o _____ e a lúa.

SOMBREIRO, MOZO, SOL, DON RAMÓN, MOZA, DONA ELADIA, AMOEIRO, CAMA

> Agora a ver se es quen de reconstruír estoutros poemas. Estes escribiunos Otero Pedrayo.

Trasalba: _____ lus
nas pupilas de pedra,
e un _____ nos agros
e nas vidas. _____
tristeira e lucidía frol
da ialba.

Raia o día, vén a _____
chega e vaise o panadeiro...
Ca _____ dos vivires
o sol coce no rueiro.


NOITE, TRASALBA, FARIÑA, VERDE, VENTO

> Agora podes probar ti! A ver se es quen de escribir un poema falando de Otero Pedrayo.





Imaxina o que está dicindo Ramón Otero Pedrayo.





SOLUCIONARIO (1)

ACTIVIDADE 1.



ACTIVIDADE 2.

- A** Transporte que utilizaba para chegar á súa casa: AUTOBÚS.
- B** Palabra inventada por el que se converteu no nome do seu libro de poesía: BOCARRIBEIRA.
- C** Nome dunha das súas obras máis famosas: CAMIÑOS DA VIDA.
- D** Nome propio dun dos seus grandes amigos: DANIEL Castelao.
- E** Nome propio da súa nai: ELADIA.
- F** Nome abreviado da súa esposa: FITA.
- G** Idioma que defendeu toda a vida: GALEGO.
- H** Unha materia que ensinaba: HISTORIA.
- I** Dende neno tivo moita IMAXINACIÓN e iso permitiulle inventar grandes historias.
- L** Escribiu moitos LIBROS.
- M** Profesión do pai: MÉDICO.
- N** Foi parte da "Xeración NÓS".
- O** Cidade onde naceu: OURENSE.
- P** O seu segundo apelido: PEDRAYO.
- Q** Alimento feito con leite de vaca ou de ovella que lle gustaba moito cear con pan: QUEIXO.
- R** Nome propio do escritor: RAMÓN.
- S** Cidade galega onde foi profesor universitario: SANTIAGO DE COMPOSTELA.
- T** Lugar onde vivía e escribía: TRASALBA.
- U** Sendo xa maior, impartiu aulas na UNIVERSIDADE.
- V** Nome propio dun dos seus grandes amigos desde a infancia: VICENTE Risco.
- X** Unha materia que ensinaba: XEOGRAFÍA.
- Z** Zapatos que utilizaban para ir ao campo e non mollar os pés: ZOCOS.

ACTIVIDADE 3.

- 1. Otero Pedrayo naceu en Ourense: V
- 2. Foi membro do "Grupo Eles": F
- 3. Escribía só en castelán: F
- 4. Viviu en Trasalba: V
- 5. Defendía a cultura galega: V
- 6. Nunca foi profesor: F
- 7. Foi político: V
- 8. Morreu no ano 2005: F
- 9. Gustáballe a xeografía: V
- 10. Nunca casou: F
- 11. O seu pai foi pianista: F
- 12. Era amigo de Daniel Castelao e Vicente Risco: V
- 13. Tivo dous fillos: F
- 14. Nunca defendeu o galego: F
- 15. Durante a Guerra Civil tivo un posto moi importante no goberno: F
- 16. Durante a Guerra Civil tivo que deixar de escribir en galego: V
- 17. Morreu cando tiña 88 anos: V
- 18. Sempre foi un home moi delgado: F
- 19. Nunca publicou un libro en galego: F
- 20. Levou o pelo longuíssimo ata que morreu: F

ACTIVIDADE 4.



Localiza no mapa de Galicia os lugares relacionados coa vida de Ramón Otero Pedrayo.

- 1. Ourense.
- 2. Santiago de Compostela.
- 3. Trasalba.
- 4. Santo André de Teixido.

Sabes por que eses sitios están relacionados co escritor?

Viviu en Trasalba. Foi profesor en Ourense, onde naceu, e na Universidade de Santiago de Compostela. Camiñou dende Ourense ata Santo André de Teixido, na provincia da Coruña, para coñecer mellor Galicia. Escribiu un libro chamado *Pelerinaxes* grazas a esa viaxe.

Agora clasifica estes lugares na provincia galega que corresponda. Hai dous "intrusos", podes localizalos?

Puebla de Sanabria INTRUSO	Ribadeo LUGO
Xinzo de Limia OURENSE	Tui PONTEVEDRA
Vigo PONTEVEDRA	Monforte de Lemos LUGO
Betanzos A CORUÑA	Mondoñedo LUGO
Verín OURENSE	Ribadavia OURENSE
Astorga INTRUSO	Noia A CORUÑA
Baiona PONTEVEDRA	Carballo A CORUÑA

Sabes por onde pasa o río Miño? Debúxao no primeiro mapa coa cor azul.

Que mar baña Galicia polo norte? E polo oeste?

Mar Cantábrico polo norte, Océano Atlántico polo oeste.

Con que provincias ou países limita Galicia?

Galicia limita con Portugal ao sur e coas provincias de Asturias, León e Zamora polo este.



FUNDACIÓN
**OTERO
PEDRAYO**



SOLUCIONARIO (2)


ACTIVIDADE 5.

Pistas horizontais:

- Nome do pobo onde está a súa casa. TRASALBA
- Obxecto que utilizaba para atopar os lugares de Galicia. MAPA
- Cidade onde naceu. OURENSE
- Grupo literario do que formaba parte. NÓS

Pistas verticais:

- Profesión pola que se fixo famoso. ESCRITOR
- Tipo de libro que conta historias. NOVELA
- Materia que ensinaba no instituto e na Universidade. XEOGRAFÍA
- Nome da lingua que defendeu. GALEGO



ACTIVIDADE 6.

Solución da sopa de letras.

O	K	L	U	T	E	R	P	L	E	S	A	B	C	Z	Ñ	E	D	V	G
S	J	U	T	G	D	F	S	L	P	I	U	E	A	G	P	O	G	F	U
C	O	T	D	S	L	F	G	D	E	O	C	X	A	M	B	I	E	T	I
A	H	I	S	T	O	R	I	A	D	U	N	N	E	N	O	K	Ñ	L	A
M	S	P	O	P	D	F	O	U	R	E	U	S	E	Z	C	A	U	H	D
I	C	E	F	N	I	U	G	O	T	R	N	V	G	A	A	G	C	O	E
Ñ	R	L	H	O	G	D	R	U	V	C	O	N	O	S	R	A	D	U	G
O	S	E	Ñ	O	R	I	T	O	D	A	R	E	B	O	R	A	I	N	A
S	T	R	C	E	V	A	F	L	X	U	T	C	V	B	I	Ñ	W	E	L
D	O	I	R	L	G	C	I	O	K	N	U	E	A	S	B	N	I	F	I
A	R	N	S	A	L	B	A	L	I	G	B	M	U	I	E	C	F	I	C
V	F	A	R	R	E	D	O	R	D	E	S	I	D	A	I	C	O	E	I
I	X	X	K	L	N	Ñ	U	O	P	A	L	A	G	A	R	A	D	A	A
D	V	E	A	D	F	T	P	E	C	X	M	L	F	G	A	O	R	F	X
A	Z	S	O	L	I	B	R	O	D	O	S	A	M	I	G	O	S	Ñ	Q
U	H	Z	D	E	R	Ñ	M	K	G	U	M	B	V	W	A	S	P	B	V
Ñ	P	H	N	R	F	V	H	U	I	W	C	A	Q	F	L	V	O	U	T

ACTIVIDADE 8.

Hugonote: home que antigamente defendía ideas dun señor francés chamado Calvino.

Argumento: asunto do que trata unha obra literaria, un filme...

Coto: parte do tronco ou do talo que queda pegada á raíz despois de cortala.

Pazo: edificio grande e luxoso que antes servía de residencia a unha familia nobre.

Aturar: aguantar, soportar

Clasifica as seguintes palabras no lugar da táboa que corresponda:

Agudas: Papel, xardíns.

Graves: Inverno, Trasalba, castelos, horta.

Esdrúxulas:

Clasifica agora estouttras palabras:

Monosílabas: Con, que.

Bisílabas: Terra, guerras, xeito.

Trisílabas: Vicente, historias.

Polisílabas: Empregaban, semellaban.

E agora proba con estas...

Substantivos: Neno, xogos, Trasalba.

Adxectivos: Importantes, pintados.

Verbos: Recortaban, duraban.

Adverbios: Moitos, máis.

ACTIVIDADE 9.

Velái tes dous poemas de Ramón Cabanillas, o grande escritor das Irmandades da Fala. Tenta completar os espazos en branco coas palabras que aparecen máis abaixo:

Aí, o señor DON RAMÓN
que ben lle está o SOMBREIRO,
non hai MOZO máis garrido,
en todo o chao de AMOEIRO

A señora DONA ELADIA
vai sendo MOZA madura;
debaixo da súa CAMA
acouchan o SOL e a Lúa.

Agora a ver se es quen de reconstruír estoutros poemas. Estes escribiunos Otero Pedrayo.

Trasalba: VERDE lus
nas pupilas de pedra,
e un VENTO nos agros
e nas vidas. TRASALBA,
tristeira e lucidía frol
da ialba.

Raia o día, vén a NOITE,
chega e vaise o panadeiro...
Ca FARIÑA dos vivires
o sol coce no rueiro.

